

ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XULLO DE 2019.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:04 horas** do d3a **29 de xullo de 2019**, constitútese o Pleno da Corporaci3n en primeira convocatoria de sesi3n ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xos3 A. S3nchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Ros3n Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Mar3a Milagros Castro S3nchez
Don Gonzalo Mu3nos S3nchez
Dona Marta Abal Rodr3guez
Don Jos3 Manuel Pichel Pati3o
Dona Noa Susana D3az Varela
Don Jos3 Javier Fern3ndez Mart3nez
Dona Mar3a Esther Pedrosa Carrete

PP:

Don Agust3n Hern3ndez Fern3ndez de Rojas
Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro S3nchez-Brunete Varela
Dona Mar3a Angeles Ant3n Vilas3nchez
Don Jos3 Antonio Constenla Ramos
Don Ram3n de Jos3 Quiroga Limia

CA:

Don Marti3o Noriega S3nchez
Don Rafael Pe3a Vidal.
Dona Marta Irene Lois Gonz3lez
Don Jorge Carlos Duarte V3zquez

BNG:

Dona Mar3a Goretti Sanmart3n Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Don Juan Ram3n Gonz3lez Carnero, **Interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten os/as concelleiros/as, Don Evaristo Ben Otero, Dona Beatriz Cigarrán Vicente e Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinarias do 15 e 28 de xuño e 15 de xullo, todas deste ano 2019.**
- 2. Aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela J4a02 do parque empresarial da Sionlla.**
- 3. Proposta do alcalde de adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e a fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.**
- 4. Proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de aplicación da porcentaxe de minoración no recibo de recollida de residuos.**
- 5. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, sobre o novo centro cívico da cidade vella situado nas Casas Reais.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG para a creación do “espazo das nosas palabras”.**
- 7. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a continuidade do apoio á creación en artes visuais diante do inminente peche da zona “C”.**
- 8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a revisión e información pública do proceso de licitación do servizo de transporte urbano municipal.**
- 9. Dar conta da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2018.**
- 10. Dar conta da execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019.**
- 11. Dar conta da elevación á aprobación definitiva da ordenanza da ORA.**

12. Dar conta da elevación á aprobación definitiva da ordenanza fiscal 3.16, taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

13. Dar conta de escritos dos grupos políticos municipais, designando representantes nas distintas comisións.

14. Dar conta de resolucións da alcaldía, de designación de concelleiros en réxime de dedicación exclusiva, de designación de alcalde en funcións e de delegación de competencias.

15. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

16. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2019, núm. 92.
- Do grupo municipal do BNG de data 16 de xullo de 2019, núm. 99.
- Do grupo municipal do BNG de data 16 de xullo de 2019, núm. 100.
- Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 112.
- Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 115.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal de CA de data 11 de xullo de 2019, núm. 93.
- Do grupo municipal do BNG de data 17 de xullo de 2019, núm. 103.
- Do grupo municipal do BNG de data 18 de xullo de 2019, núm. 107.
- Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 111.
- Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 113.
- Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 114.
- Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 116.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal de CA de data 11 de xullo de 2019, núm. 94.
- Do grupo municipal do BNG de data 15 de xullo de 2019, núm. 97.
- Do grupo municipal do BNG de data 17 de xullo de 2019, núm. 104.

17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 8 de xullo de 2019, núm. 90 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, a prol da activación dunha postura en común na defensa dos intereses xerais en materias de importancia capital para Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 15 de xullo de 2019, núm. 95 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre as deficiencias na vía de servizo da autovía A-54 no contorno de Amarelle e a continuidade do trazado entre as estradas N-634 e N-547.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 101, presentada polo grupo municipal do BNG, para conseguir dotación orzamentaria para construír a nova EDAR do aeroporto de Lavacolla.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 102, presentada polo grupo municipal do BNG, para axilizar a contratación e mellorar a calidade do servizo de comedores escolares.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 105, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar a débeda histórica do orzamento do estatuto de capitalidade.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 108, presentada polo grupo municipal do BNG, para promocionar os viños con denominación de orixe en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 109, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a declaración do Souto como espazo natural de interese local.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 110, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a defensa da laicidade e a plena separación da representación municipal respecto os actos relixiosos de calquera signo.

Antes do comezo da sesión plenaria gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as intervencións, en primeiro lugar de don Marcos Manuel Pombo Romero con relación ao punto núm. 5 da orde do día da sesión, e seguidamente intervéñen don Manuel Ventosa Castro a respecto da moción sobre a autovía A-54.

Rematadas as devanditas intervencións, ten lugar a votación da declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa aos usos do campo de fútbol-rugby da USC, e o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal Popular, declarada a urxencia da mesma, que será tratada ao remate dos asuntos que figuran na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 15 E 28 DE XUÑO E 15 DE XULLO, TODAS DESTE ANO 2019.

O pleno da corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinarias dos días 15 e 28 de xuño e 15 de xullo, todas deste ano (núms. 11, 12 e 13).

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular con rexistro de entrada do día 8 de xullo do corrente ano, número 90, é transformada nunha declaración institucional, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, e aprobada tamén por unanimidade:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordo subscrito entre os representantes das forzas políticas representadas na Corporación Municipal e o Foro Cívico de Santiago que reúne a institucións, asociacións e colexios profesionais da capital galega, acorda situar como obxectivos prioritarios do mandato os que a continuación se detallan, coa expresión da súa vontade para apoiar a unidade de acción coa Alcaldía e colaborar na súa consecución:

- **Industrialización de Santiago de Compostela:** O Concello apostará decididamente polo sector industrial, co apoio aos incentivos que formulan a Asociación de Empresarios do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago e a Universidade desde a Mesa Sionlla Biotech Madeira, na procura de aumentar significativamente a porcentaxe do PIB que achega a industria á economía da cidade, para que Santiago e a súa comarca gañen en competitividade, creación de emprego cualificado, fixación de poboación e captación de empresas e investimentos.

- **Estación Intermodal:** Tendo en conta que se trata dunha infraestrutura vital, clave para garantir a mobilidade, e con independencia das distintas opcións ou preferencias que no seu día se barallaron para Santiago, o Concello manterá o consenso para terminar o proxecto, planificado e orzado, da mellor forma posible para a capital de Galicia, co fin de conseguir unha estación intermodal digna e, sobre todo, eficiente.

- **Infraestruturas: A-54 e “Orbitaliño”:** o Concello demandará do Ministerio de Fomento a axilización na data de finalización das obras da Autovía Santiago - Lugo (A-54 para que se remate no ano 2021, coincidindo co Xacobeo, xa que é a única que existiría dende Santiago de enlace cunha capital galega e a meseta, sen peaxe; tamén demandará a conexión da Autovía Santiago-Lugo (A-54) coa autovía A-6, para permitir a conexión máis eficaz e eficiente do Sur de Galicia cara ao Cantábrico libre de peaxe; e, por último, a conexión da AP-9 e da A-54 coa N-550 e a prolongación ata a estrada de Noia.

- **Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR):** Santiago de Compostela non pode seguir coa situación actual en canto a depuración das súas augas residuais, por iso é preciso lograr un consenso sobre a mellor solución e que non signifique un gravame significativo para os cidadáns de Santiago e Comarca.

- **Reforma e Modernización da Administración Municipal:** É preciso afrontar de forma inmediata o retraso histórico que o Concello de Santiago sofre á hora de outorgar licenzas urbanísticas e evitar que a tramitación dos expedientes se demore sen data, unha circunstancia que frea aos investidores e desespera aos particulares e autónomos. O Concello adaptará a administración municipal ás necesidades da cidadanía, procedendo sen dilación á súa reforma, esixencia e modernización, coa implantación da tramitación telemática ou electrónica.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA J4A02 DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

A xefa de sección de xestión urbanística con data 11 de xullo do corrente ano, emitiu o seguinte informe que ven co conforme da concelleira delegada de urbanismo:

“1. Obxecto do Estudo de detalle

O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil LEIRÓN XESTIÓN S.L e asinado polo equipo técnico *entyl ingenieros s.l*, ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito da parcela J4a02 do *Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla*, que fora aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

A parcela afectada, coa referencia catastral 0905211NH4500F0000PG, e cunha superficie de 10.784 m², sitúase na confluencias das rúas de Castela e León, País Vasco e Rioxa, do parque empresarial da Sionlla.

A necesidade de formular o estudo de detalle derivase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun estudo de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

No expediente consta informe técnico favorable asinado pola arquitecta xefa da Sección Municipal de Planeamento, no que se indica o seguinte:

...

No Estudo de detalle dispónse un volume de dúas plantas, de 4.000,26 m²c cada unha, o que supón unha edificabilidade total de 8.000,52 m²c. O uso previsto vai ser o uso comercial, permitido na variante 4A. A superficie construíble prevista supón unha edificabilidade de 0,74 m²c / m²s, inferior á máxima permitida, que é de 0,9 m²c / m²s.

O volume dispónse aproveitando o desnivel entre as rúas que bordean a parcela, de tal xeito que o edificio ten unha planta na fronte da rúa de Castela e León e dúas plantas na fronte da rúa do País Vasco. No punto de maior altura non se excede a altura máxima de 12 m. prevista pola ordenanza de aplicación. Respéctanse tamén os recuados mínimos previstos de 10 m.

No que atinxe á ordenación de volumes e rasantes o Estudo de detalle axústase ao previsto na ordenanza polo que se estima axeitado (...).

A requirimento do Concello, a promotora presentou, con data 30.01.2019, un documento reformado, no que se emendan as deficiencias sinaladas no informe da arquitecta municipal a respecto da ordenación do espazo libre privado, segundo consta no informe asinado o 4.02.2019.

2. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia* (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

En aplicación do procedemento legal e regulamentariamente establecido, o estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 22.02.2019 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal La Voz de Galicia e no Diario Oficial de Galicia con data

14.03.2019. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos titulares catastrais dos terreos afectados.

Non consta a formulación de alegacións durante o trámite de información pública.

No expediente consta o informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, asinado con data 27.03.2019 (EXP 2019/1315)

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno Municipal, de conformidade co que dispón o artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

3. Proposta

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela J4a02 do parque empresarial da Sionlla, promovido por LEIRÓN XESTIÓN S.L., e asinado polo equipo técnico *entyl ingenieros s.l.*, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

A parcela emprázase na confluencias das rúas de Castela e León, País Vasco e Rioxa, figurando no Catastro coa referencia 0905211NH4500F0000PG.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito e máis do ditame favorable da comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 22 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba definitivamente o estudo de detalle da parcela J4a02 do parque empresarial da Sionlla, promovido por

LEIRÓN XESTIÓN SL, e asinado polo equipo técnico Entyl ingenieros SL, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

A parcela emprázase na confluencia das rúas de Castela e León, País Vasco e Rioxa, figurando no Catastro coa referencia 0905211NH4500F0000PG.

O presente acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

De conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. PROPOSTA DO ALCALDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E A FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

O informe-proposta en relación co asunto do epígrafe asinado polo responsable de emprego e que trae o conforme do señor alcalde, de data 27 de xuño do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I. ANTECEDENTES

A vista do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), de data de 10 de outubro de 2017 (e addenda do 13 de decembro de 2017), para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao convenio.

II. CONSIDERACIÓNS

Os concellos teñen atribuídas competencias en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma para o fomento da implantación de iniciativas empresariais e que se concretan en:

- Habilitación de solo adecuado e suficiente para a implantación de iniciativas empresariais e favorecerán, coas infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente, e tendo en conta as singularidades ou especiais características singulares de cada zona.

- Avaliar periodicamente os efectos e os resultados obtidos pola normativa municipal aplicable á implantación de iniciativas empresariais e tramitarán, de ser o caso, propostas de simplificación e eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a aquela.

- Racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

O artigo 41 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia establece medidas de promoción para facilitar a implantación de iniciativas empresariais “A Xunta de Galicia, a través dos seus orzamentos, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.”

A cláusula terceira 1. do Protocolo de adhesión xeral recolle a disposición xenérica do compromiso da Xunta de Galicia para a “ discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100 do total”.

Esto implica que os concellos galegos reciben como contrapartida fundamental da súa adhesión á iniciativa “Doing Business” a preferencia á hora de acceder a fondos da Xunta para políticas activas de emprego, que neste ano 2019 superan os 46 millóns de euros: para Obradoiros de emprego de garantía xuvenil e Obradoiros duais (24.389.840,00 €); Accións Formativas persoas desempregadas (11.204.812 €)

Programas Integrados de emprego (5.000.000,00), melloras en parques empresariais (4.050.541,00 €), creación de viveiros de empresa (1.504.806,00 €), etc.

Na tramitación e concurrencia a subvencións da Xunta de Galicia, a valoración do criterio da **Adhesión ao Protocolo**, supón na maioría das convocatorias de axudas, un porcentaxe superior ao 20% do total da puntuación, e na actualidade, está a condicionar de xeito determinante o acceso do Concello de Santiago, ás subvencións convocadas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que interesa que se tramite a adhesión do concello de Santiago, ao protocolo de colaboración “Doing Business”.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO

A natureza xurídica do documento de adhesión sitúanos diante dun convenio de colaboración con obrigas concretas para as partes asinantes. O documento denominado protocolo de actuación establece a obriga para o concello de Santiago de comprometerse a achegarlles ás empresas e aos/ás emprendedores/as:

- Máis simplificación administrativa: bonificacións de ata o 95 % no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes.
- Máis facilidades de acceso a solo industrial: concesión das licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñen de todos os informes.
- Máis incentivos fiscais: bonificacións e incorporación do dereito de superficie para favorecer o acceso a solo empresarial no seu municipio.

Para elo, o Concello de Santiago terán que asegurar a Modificación das Ordenanzas fiscais do IBI, IAE, e ICIO para fomento do emprego: "Concellos Doing Business Galicia", con efectos de 1 de xaneiro de 2020. Ao abeiro do disposto no artigo 74.2 quáter do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no que se establece unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer as circunstancias de fomento do emprego. Para o IAE está recollido no artigo 88 TRLRFL; para o ICIO está recollido no artigo 103 TRLRFL.

En relación coa taxa pola apertura e verificación de establecementos, e da taxa polas licencias e outros servizos urbanísticas, non será preciso introducir cambios, nas Ordenanzas, pola adhesión ó Protocolo, posto que a redacción actual di "...Non se concederán mais exenciones ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais...".

III PROPOSTA

En base ao exposto, o convenio de actuación recolle, unha vez adoptado acordo de adhesión, unha serie de obrigas para o concello de Santiago, entre as que se atopan a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles, do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, para introducir bonificacións de ata o 95% a favor das empresas que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de espacial interese ou utilidade municipal polo pleno da corporación, por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

O artigo 9 TRLRFL establece que non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais. Que non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais non supostos expresamente previstos pola lei.

O TRLRFL recolle a posibilidade de bonificacións no IBI, IAE e ICIO nos supostos de fomento do emprego. Para o IBI está recollido no artigo 74.2 quáter TRLRFL; para o IAE está recollido no artigo 88 TRLRFL; para o ICIO está recollido no artigo 103 TRLRFL.

Por todo o exposto, faise preciso que o Pleno da Corporación, acorde:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), con efectos do 1 de xaneiro de 2020, para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao convenio.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e FEGAMP.

Terceiro.- Facultar ó alcalde do Concello de Santiago para a sinatura do convenio e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

Con data 23 de xullo do corrente ano e número de rexistro 118, presenta emenda de engádega o BNG, na que propón engadir un segundo punto de acordo e mudar correlativamente os da proposta do texto orixinal, pasando o segundo a terceiro e o terceiro a cuarto, e tras a votación da mesma, por 6 votos a favor da emenda correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA e BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), rexéitase a mesma.

Xa que logo, á vista do informe proposta transcrito, máis o ditame favorable da comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión do día 22 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), e 6 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA e BNG (4 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), con efectos do 1 de xaneiro de 2020, para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao convenio.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e FEGAMP.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Santiago para a sinatura do convenio e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

4. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA, DE APLICACIÓN DA PORCENTAXE DE MINORACIÓN NO RECIBO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

A proposta da concelleira delegada de facenda de data 16 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda, mediante resolución de data 15 de xaneiro de 2019 publicada no DOG nº16 do 23 de xaneiro de 2019, fixo público o importe do canon unitario do tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar á Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable a dito ano.

Esta bonificación queda establecida no 10% da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018, isto é, 62,93 euros por tonelada de residuos domésticos xestionada máis o incremento do IVE. Este canon bonificado resulta aplicable ás entidades locais que cumplan as condicións específicas establecidas no apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En execución das mencionadas condicións específicas, no BOP de A Coruña nº 114 o Concello de Santiago publicou a aprobación definitiva do expediente 2019/01 de modificación da ordenanza fiscal 3.16 de taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que textualmente contempla:

“III) TEXTO DA NOVA DISPOSICIÓN ADICIONAL E DA DISPOSICIÓN FINAL DA ORDENANZA FISCAL 3.16 DE TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS “Disposición adicional: Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon. O Pleno, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará: 1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación. 2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1. 3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.”

De conformidade con isto, aos efectos de trasladar aos usuarios do servizo da tarifa incluída no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16, elaborouse un informe por parte do inspector técnico de servizos onde se determina o importe previsto de aforro do canon con Sogama como consecuencia da bonificación e a porcentaxe da débeda neta a aplicar a eses usuarios.

Como complemento do informe, a empresa VIAQUA, encargada da tramitación dos recibos derivados da aplicación desa Ordenanza, efectuou unha proposta na que indica que o bimestre idóneo para a materialización da bonificación será o 5º bimestre de 2019.

De conformidade co exposto, POPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 296.561,56 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 27,80%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2019.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitíranse as certificacións que procedan.”

Consta, así mesmo, no expediente informe de data 16 de xullo do corrente ano, do inspector técnico de servizos e transportes, sobre o importe previsto de aforro no custo do canon pola bonificación.

Xa que logo á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión ordinaria do día 22 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 296.561,56 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 27,80%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2019.

Dar traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitiranse as certificacións que procedan.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, SOBRE O NOVO CENTRO CÍVICO DA CIDADE VELLA SITUADO NAS CASAS REAIS.

A proposición presentada con data 4 de xullo do corrente ano, número de rexistro 89, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura dar resposta a unha demanda histórica da veciñanza da cidade vella e regularizar a relación entre o Concello e a Universidade de Santiago (USC) no relativo á situación patrimonial de equipamentos públicos entre ambas institucións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na sesión da Xunta de Goberno Local do pasado 17 de abril aprobouse o texto dun convenio coa USC que supón un avance significativo para resolver dúas problemáticas dos últimos anos na nosa cidade.

Por unha parte, o obxecto do convenio é regularizar as consecuencias derivadas do atraso no traslado da Facultade de Odontoloxía, previsto no reparcelamento voluntario da OE-5, compensando ao Concello polos inconvenientes ocasionados. Isto significa dar fin a unha situación de uso en precario por parte da USC do edificio da rúa Entrerríos, que xa se prolonga por máis de quince anos. No acordo, o Concello adscribe a favor da USC o inmovible de titularidade municipal que acolle a Facultade, cun prazo realista de vixencia da adscrición de dez anos para pór en uso o novo complexo da Facultade de Medicina e Odontoloxía e pospor, así, a obriga de entregar o edificio e a parcela ao Concello.

Por outra banda, efectivizando este convenio dáse resposta, tamén, a unha das demandas máis importantes da veciñanza da cidade histórica e do seu tecido asociativo, que por

fin terán ao seu dispor un novo centro cívico adaptado ás necesidades socioculturais do barrio. Isto é así porque o acordo recolle que a USC adscribirá gratuitamente ao Concello o uso da edificación de Casas Reais denominada Casa de Elisa e Jimena Fernández de la Vega, polo prazo de 25 anos, para localizar nela o novo Centro Cívico da Cidade Vella.

Ademais, o inmovible, de máis de 1.000 m², permitiría resolver a situación na que se atopan os servizos centrais do departamento de Centros Cívicos, que actualmente están localizados no CSCX do Ensanche. Este local pertence a Afundación, que ten solicitado xa ao Concello a súa reversión despois de ter finalizado a vixencia orixinal de cesión por dez anos asinada coa Obra Social da Caixa Galicia, antecesora de Afundación.

Así pois, tendo en conta que o mencionado convenio regulariza a situación coa USC, encamiña unha necesidade de organización de espazos do Concello e dá resposta a unha xusta demanda veciñal, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Adoptar as medidas necesarias para materializar canto antes o “Convenio para regularizar a situación patrimonial de equipamentos públicos da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Santiago”, urxindo á USC á súa aprobación e sinatura para que, deste xeito, no prazo de dous meses desde a firma do acordo, o Concello poida dispor da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega para instalar nela o novo Centro Cívico da Cidade Vella.
2. Establecer as necesarias canles de diálogo e comunicación e participación coa veciñanza da contorna e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan participes no deseño e programación das actividades no novo Centro Cívico da Cidade Vella.”

Con data 24 de xullo de 2019, o grupo municipal do Partido Popular presentou emenda á proposición transcrita, que non foi aceptada polo grupo municipal de Compostela Aberta.

Xa que logo o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais Socialista e Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Adoptar as medidas necesarias para materializar canto antes o “Convenio para regularizar a situación patrimonial de equipamentos públicos da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Santiago”, urxindo á USC á súa aprobación e sinatura para que, deste xeito, no prazo de dous meses desde a firma do acordo, o Concello poida dispor da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega para instalar nela o novo Centro Cívico da Cidade Vella.

2. Establecer as necesarias canles de diálogo e comunicación e participación coa veciñanza da contorna e co tecido asociativo -veciñal, cultural, deportivo e xuvenil- para que sexan participes no deseño e programación das actividades no novo Centro Cívico da Cidade Vella.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CREACIÓN DO “ESPAZO DAS NOSAS PALABRAS”.

Durante o debate do presente punto auséntase o señor alcalde e pasa a presidir Dona Mercedes Rosón, reincorporándose novamente o señor alcalde que continúa a presidir a sesión.

Con data 15 de xullo do corrente ano, número de rexistro 96, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a creación do “Espazo das nosas palabras”, un centro de difusión da lingua e da cultura galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A condición de Santiago de Compostela como capital de Galiza, ademais de cidade turística, debe ser aproveitada como canle para a difusión das expresións lingüísticas e culturais que nos identifican como pobo galego.

O proxecto ten relación e debe ocupar un lugar central na idea de Santiago como capital cultural, literaria e da lingua; Compostela como cidade literaria. E pretende aproveitar o atractivo turístico para mostrar ao mundo a existencia dun país con cultura e lingua propia.

A cultura é un elemento de cohesión social e de identidade, de inclusión territorial e de fomento da sensibilidade, con inmensas potencialidades para o traballo con colectivos con dificultades especiais.

Este centro de difusión da lingua e cultura galegas que se propón debe formar parte dunha estratexia para atraer un turismo alternativo ás excursións que visitan a cidade unhas horas e debera formar parte dun circuíto máis amplo e dunha estratexia para promover o Concello de Santiago como capital do país. Trátase de aproveitar que entre os centos de miles de persoas que nos visitan unha boa parte pode ser informada da existencia da nosa lingua e cultura a través da historia da literatura, un capital nacional propio.

Nun edificio céntrico na Cidade histórica a persoa visitante entrará nun espazo en que soe a música das cantigas e a música que serve a composicións literarias na lingua propia do país e en que estean expostos o pergameos, papeis, reproducións de textos da nosa literatura, así como obxectos tales como estilográficas, máquinas de escribir e prendas de roupa, entre outras cousas relacionadas coas nosas autoras e autores até hoxe, de xeito físico ou virtual e interactivo.

Para iso é preciso colaborar coas casas museo de escritores/as existentes no país para que cedan en préstamo algúns destes obxectos. O propio centro debera ser coordinador e difusor da existencia destas fundacións.

Tendo a función esencial de mostrar tanto a visitantes da cidade como a propia poboación galega a existencia dunha lingua e unha cultura propias, pódese aproveitar para mostrar a conexión entre as dúas variantes da lingua, a galega e a portuguesa.

Se a mostra da existencia da lingua e da súa literatura é unha proba da nosa existencia histórica é preciso deixar un espazo para a nova creación cultural fundada na palabra, do audiovisual ao teatro.

E, se as instalacións o permitiren, pode e debera ser un lugar para actividades literarias de todo tipo cunha programación propia.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago impulsará a creación do “Espazo das nosas palabras” nun edificio da Cidade histórica para contribuír ao proceso de dignificar e dar a coñecer que Galiza ten un idioma propio e unha cultura que nos distingue como pobo.”

Xa que logo o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais Socialista e Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda

que o Concello de Santiago impulse a creación do “Espazo das nosas palabras” nun edificio da cidade histórica para contribuír ao proceso de dignificar e dar a coñecer que Galicia ten un idioma propio e unha cultura que nos distingue como pobo.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, SOBRE A CONTINUIDADE DO APOIO Á CREACIÓN EN ARTES VISUAIS DIANTE DO INMINENTE PECHE DA ZONA “C”.

A proposición presentada con data 16 de xullo do corrente ano, número de rexistro 98, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo propón continuar co traballo desenvolvido na Zona “C” mantendo a convocatoria de apoio á creación en artes visuais diante do inminente peche do espazo actual en Bonaval, e coa publicación en papel dunha memoria dos traballos alí feitos desde a súa inauguración no ano 2007.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Que a Zona “C” peche coas “Illas Desertas” do coruñés Roi Fernández é unha mágoa. O espazo da Zona “C” pronto deixará de ser un lugar de exhibición da arte contemporánea galega en Santiago para dedicarse a un novo uso coma entrada de obra froito da ampliación do Museo do Pobo Galego.

Queremos mirar cara o futuro e aproveitar o xa feito para mudalo e melloralo, e é por iso polo que a convocatoria aberta de apoio á creación en artes visuais impulsada pola área de Acción Cultural debe continuar. Esta convocatoria lanzada no ano 2016 devolveulle o uso inicial á Zona “C” coma lugar especializado na mostra da creación e investigación das últimas tendencias de creación plástica feitas en Galicia.

Esta convocatoria aberta de proxectos foi avaliada por profesionais do sector e planificouse seguindo as indicacións do Código de Boas Prácticas proposto pola Mesa Sectorial del Arte Contemporáneo, que integra ás asociación profesionais de artistas, comisarios, críticos, directores de museos, docentes, galeristas, xestores e investigadores. A convocatoria transformouse nunha plataforma necesaria para os comisarios e artistas visuais da cidade e de toda Galicia onde visibilizar o seu traballo e desenvolver a súa carreira profesional. As artes visuais galegas precisan dun lugar que acolla proxectos avaliados profesionalmente nun intre onde os artistas visuais e comisarias/os non teñen doado expor nos grandes contedores e museos da capital.

A Zona “C” posúe unha memoria valiosa para a historia última da arte galega e por iso

o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón unha publicación en papel que mostre o traballo colectivo feito desde a súa inauguración. Debémolles esta publicación ao lugar, que vai desaparecer, aos numerosos artistas e comisarios que o activaron a través de prácticas de *site-specific* e tamén para dar conta do acompañamento feito polo equipo do Auditorio de Galicia. Precisamos unha publicación para validar o que sucedeu porque é necesario darlle valor ao apoio á creación en artes visuais feito na Zona “C”: un proceso innovador que ten a oportunidade de mudar e mostrar a memoria editada do que sucedeu no espazo da Rúa Bonaval entre o 2007 e o 2019.

Por outra banda, acreditamos que o proxecto debe mudar e orientarse cara o futuro.

Acreditamos na continuidade da aposta polo mecanismo da convocatoria aberta de proxectos que, de non atoparlle outro contedor de titularidade municipal axeitado para tal fin, deberíamos pensar en viabilizalo a través dunha colaboración con outra entidade, por exemplo, a través do convenio anual de actividades coa Fundación Granell da que o Concello forma parte do Padroado e achega anualmente 130.000 euros.

Sabemos que a insuficiente coordinación entre axentes, entidades culturais e administracións é a principal debilidade onde debemos mellorar segundo o “Informe 0 da cultura municipal 2018”. Aproveitar a circunstancia do peche da Zona “C” para impulsar unha terceira convocatoria aberta de apoio á creación en artes visuais é necesario para fortalecer o impulso do proxecto sumando novas posibilidades para a acción cultural municipal e para, a través dun convenio anual que o Concello asinará coa Fundación Granell no 2020, incluír nel a exhibición das prácticas ou proxectos de creación artística e comisariado que xurdan da resolución da terceira convocatoria aberta de apoio á produción en artes visuais.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Impulsar e publicar dentro deste 2019 unha terceira convocatoria de proxectos de apoio á creación en artes visuais 2020-2021 en colaboración, se fose posible, coa Fundación Granell para facilitar un espazo alternativo de exhibición dos proxectos de creación e comisariado derivados da resolución da nova convocatoria.
2. Publicar un catálogo en papel que sexa memoria do traballo feito arredor das artes plásticas na Zona “C” desde a súa inauguración ata hoxe.”

Xa que logo o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais Socialista e Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Impulsar e publicar dentro deste 2019 unha terceira convocatoria de proxectos de apoio á creación en artes visuais 2020-2021 en colaboración, se fose posible, coa Fundación Granell para facilitar un espazo alternativo de exhibición dos proxectos de creación e comisariado derivados da resolución da nova convocatoria.
2. Publicar un catálogo en papel que sexa memoria do traballo feito arredor das artes plásticas na Zona “C” desde a súa inauguración ata hoxe.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A REVISIÓN E INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROCESO DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO MUNICIPAL.

A proposición do epígrafe presentada con data 17 de xullo do corrente ano, número de rexistro 106, ten o contido que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de transporte público urbano mantense operativo en Santiago nunhas condicións precarias e deficientes; sen contrato, cunhas insatisfactorias fórmulas de retribución ao concesionario, cunha rede cuxo deseño básico ou inicial data de hai non poucos anos e cunha flota de vellos autobuses. Urxe, pois, a licitación dun novo servizo.

Non obstante, conviría facer un esforzo para que esa apremiante licitación resulte compatible, por unha banda, coa racionalidade na definición das liñas e do contrato e da propia mobilidade no concello, e por outra, coa transparencia e a participación toda vez que tal contrato vai condicionar a vida de milleiros de persoas e vai a condicionar o labor de sucesivos gobernos municipais.

E por iso polo que o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a que con anterioridade á licitación do servizo de transporte urbano municipal, e coa máxima dilixencia:

Revise ou reconsidere os supostos fundamentos técnicos, sociais e económicos da nova rede de transporte urbano proposta polo anterior goberno, prevendo ademais a necesidade de coordinar a definición da nova rede cun futuro Plan de Mobilidade; e someta tales fundamentos á consideración do Consello de Tussa con carácter previo ao inicio da licitación.

Con carácter previo a licitación proceda a abrir un período de exposición pública que permita coñecer en detalle, en termos comparativos coa actual rede, e de xeito visual - mesmo con simuladores de viaxes a través da web municipal-, os cambios que se prevean no relativo as conexións, aos tempos de acceso, tempos de espera e tempos de viaxe, a fin de recabar as suxestións que os cidadáns desexen trasladar.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (6 PP e 2 BNG), 4 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Socialista, acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a que con anterioridade á licitación do servizo de transporte urbano municipal, e coa máxima dilixencia:

Revise ou reconsidere os supostos fundamentos técnicos, sociais e económicos da nova rede de transporte urbano proposta polo anterior goberno, prevendo ademais a necesidade de coordinar a definición da nova rede cun futuro Plan de Mobilidade; e someta tales fundamentos á consideración do Consello de Tussa con carácter previo ao inicio da licitación.

Con carácter previo a licitación proceda a abrir un período de exposición pública que permita coñecer en detalle, en termos comparativos coa actual rede, e de xeito visual - mesmo con simuladores de viaxes a través da web municipal-, os cambios que se prevean no relativo as conexións, aos tempos de acceso, tempos de espera e tempos de viaxe, a fin de recabar as suxestións que os cidadáns desexen trasladar.

9. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2018.

O pleno da corporación queda coñecedor da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2018, aprobada por decreto de data 24 de maio de 2019 (rexistrado o 10 de xuño do corrente ano, número 4534).

10. DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2019.

O pleno da corporación queda coñecedor da execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019.

11. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DA ORA.

O pleno da corporación queda coñecedor da elevación á aprobación definitiva da ordenanza da ORA, publicada no BOP con data 10 de maio do corrente ano.

12. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL 3.16, TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

O pleno da corporación queda coñecedor da elevación á aprobación definitiva da ordenanza fiscal 3.16, taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, aprobada inicialmente na sesión plenaria ordinaria do día 10 de abril do corrente ano.

13. DAR CONTA DE ESCRITOS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, DESIGNANDO REPRESENTANTES NAS DISTINTAS COMISIÓNS.

Á vista dos escritos presentados polos grupos políticos municipais, do PSdeG-PSOE, do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG, ás comisións que a continuación se relacionan quedarían constituídas do seguinte xeito:

COMISIÓN DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

Don Gumersindo Guinarte Cabada

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Abal Rodríguez

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Don José Antonio Constenla Ramos

Don Ramón Quiroga Limia

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DE CA:

Don Martiño Noriega Sánchez

Dona Marta Lois González

Don Jorge Duarte Vázquez

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

Dona Goretti Sanmartín Rei

Dona Navia Rivas de Castro.

COMISIÓN DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E SERVIZOS:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don José Manuel Pichel Patiño

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Don José Antonio Constenla Ramos

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DE CA:

Don Jorge Duarte Vázquez

Don Rafael Peña Vidal

Dona Marta Lois González

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

Dona Goretti Sanmartín Rei.

Dona Navia Rivas de Castro

COMISIÓN DA ÁREA SOCIAL, CULTURAL, PARTICIPACIÓN, IGUALDADE E TRANSPARENCIA:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

Dona María Milagros Castro Sánchez

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona Noa Díaz Varela
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:
Dona Ana Belén Sabel Iglesias
Don Evaristo Ben Otero
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DE CA:
Don Jorge Duarte Vázquez
Dona Marta Lois González
Dona Branca Novo Rey
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
Dona Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Don José Javier Fernández Martínez
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DE CA:
Dona Marta Lois González
Don Jorge Duarte Vázquez
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
Dona Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:
Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DE CA:
Don Jorge Duarte Vázquez
Suplentes os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
Dona Goretti Sanmartín Rei.

XUNTA DE PORTAVOCES COMO COMISIÓN ESPECIAL:

Portavoz grupo Socialista: Don Gumersindo Guinarte Cabada.
Portavoz do grupo Popular: Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Portavoz do grupo de CA: Don Martiño Noriega Sánchez.
Portavoz do grupo do BNG: Dona Goretti Sanmartín Rei.

CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS:

Grupo municipal Socialista: Don Gumersindo Guinarte Cabada.
Grupo municipal Popular: Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Grupo municipal de CA: Don Martiño Noriega Sánchez.
Grupo municipal do BNG: Dona Navia Rivas de Castro.

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DE DESIGNACIÓN DE CONCELLEIROS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA, DE DESIGNACIÓN DE ALCALDE EN FUNCIÓNS E DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Dáse conta das seguintes resolucións da alcaldía:

Decreto de 28 de xuño de 2019, de designación de concelleiros en réxime de dedicación exclusiva.
Decreto de 15 de xullo de 2019, de designación de alcalde en funcións.

Decreto de 17 de xullo de 2019, de delegación de competencias.
Decreto de 17 de xullo de 2019, de delegación de competencias.
Decreto de 24 de xullo de 2019, de designación de alcaldesa en funcións.
Decreto de 29 de xullo de 2019, de designación de alcalde en funcións.

15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 22/03/19 ao 22/05/19 (núms. 2155 ao 4019).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 21 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 3/04/19.
Acta núm. 22 correspondente á sesión ordinaria do día 5/04/19.
Acta núm. 23 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 8/04/19.
Acta núm. 24 correspondente á sesión ordinaria do día 12/04/19.
Acta núm. 25 correspondente á sesión ordinaria do día 17/04/19.
Acta núm. 26 correspondente á sesión ordinaria do día 26/04/19.
Acta núm. 27 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 30/04/19.
Acta núm. 28 correspondente á sesión ordinaria do día 3/05/19.
Acta núm. 29 correspondente á sesión ordinaria do día 10/05/19.
Acta núm. 30 correspondente á sesión ordinaria do día 16/05/19.
Acta núm. 31 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 22/05/19.
Acta núm. 32 correspondente á sesión ordinaria do día 24/05/19.
Acta núm. 33 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 24/05/19.
Acta núm. 34 correspondente á sesión ordinaria do día 31/05/19.
Acta núm. 35 correspondente á sesión ordinaria do día 7/06/19.
Acta núm. 36 correspondente á sesión extraordinaria do día 12/06/19.

Interrómpese a sesión cando son as 19:18 horas, e reanúdase as 19:35 incorporándose todos os asistentes agás don Rafael Peña Vidal e o señor interventor.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 10 de xullo de 2019, núm. 92.
Do grupo municipal do BNG de data 16 de xullo de 2019, núm. 99.
Do grupo municipal do BNG de data 16 de xullo de 2019, núm. 100.
Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 112.
Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 115.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal de CA de data 11 de xullo de 2019, núm. 93.

Do grupo municipal do BNG de data 17 de xullo de 2019, núm. 103.

Do grupo municipal do BNG de data 18 de xullo de 2019, núm. 107.

Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 111.

Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 113.

Do grupo municipal do PP de data 18 de xullo de 2019, núm. 114.

Do grupo municipal de CA de data 18 de xullo de 2019, núm. 116.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA de data 11 de xullo de 2019, núm. 94.

Do grupo municipal do BNG de data 15 de xullo de 2019, núm. 97.

Do grupo municipal do BNG de data 17 de xullo de 2019, núm. 104.

O señor Peña Vidal incorpórase novamente a sesión no debate do rogo núm. 99, de 16 de xullo de 2019.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 8 de xullo de 2019, núm. 90 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, a prol da activación dunha postura en común na defensa dos intereses xerais en materias de importancia capital para Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 15 de xullo de 2019, núm. 95 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre as deficiencias na vía de servizo da autovía A-54 no contorno de Amarelle e a continuidade do trazado entre as estradas N-634 e N-547.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 101, presentada polo grupo municipal do BNG, para conseguir dotación orzamentaria para construír a nova EDAR do aeroporto de Lavacolla.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 102, presentada polo grupo municipal do BNG, para axilizar a contratación e mellorar a calidade do servizo de comedores escolares.

Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 105, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar a débeda histórica do orzamento do estatuto de capitalidade.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 108, presentada polo grupo municipal do BNG, para promocionar os viños con denominación de orixe en Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 109, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a declaración do Souto como espazo natural de interese local.

Rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 110, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a defensa da laicidade e a plena separación da representación municipal respecto os actos relixiosos de calquera signo.

Moción de urxencia, con rexistro de entrada do día 29 de xullo de 2019, núm. 122, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre os usos do campo de fútbol-rugby da USC.

A moción con rexistro de entrada do día 8 de xullo de 2019, núm. 90 presentada polo grupo municipal do Partido Popular, a prol da activación dunha postura en común na defensa dos intereses xerais en materias de importancia capital para Santiago de Compostela, foi convertida en declaración institucional da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes.

Os textos das mocións presentadas son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN SOBRE AS DEFICIENCIAS NA VÍA DE SERVIZO DA AUTOVÍA A-54 NO CONTORNO DE AMARELLE E A CONTINUIDADE DO TRAZADO ENTRE AS ESTRADAS N-634 E N-547 PARA A MELLORA DA MOBILIDADE EN LAVACOLLA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de un ano e medio, a Corporación Municipal -por iniciativa do Grupo Popular- acordou por unanimidade demandar do Ministerio de Fomento que no transcurso das obras da autovía entre Lavacolla e Arzúa se adoptasen as medidas precisas para darlle continuidade ao trazado da antiga estrada N-634 desde a zona da cabeceira aeroportuaria ata o enlace coa N-547 nas inmediacións dos terreos do polígono empresarial do Pino. A finalidade era levar a cabo unha actuación complementaria -coa oferta dos terreos por parte do Concello- para conseguir unha mellora da mobilidade, o mantemento dos servizos de transporte público e unha axeitada integración do Camiño de Santiago no seu discorrer por esa zona.

Para facilitar estas xestións, o Grupo Popular fixolle chegar ao Goberno municipal un proxecto básico que encargara para ese fin, conforme ás demandas da veciñanza, onde se fixaba un trazado con dous carrís de 3,5 metros e beiravías de 0,75 metros, nunha lonxitude de aproximadamente un quilómetro entre as inmediacións do paso subterráneo da autovía situado onde remata a pista aeroportuaria e o paso superior que

conecta co núcleo de Amarelle. O orzamento estimado para esta obra complementaria estimábase nuns 300.000 euros.

O pasado 24 de maio, na mesma fin de semana na que se celebraron as eleccións europeas e municipais, poñíase en servizo o novo tramo da autovía sen que se concretaran as medidas que se tiñan acordado no seo da Corporación e -o que resulta máis grave- sen rematar axeitadamente as obras nos arredores desta zona.

Tal e como nos teñen feito chegar os representantes veciñais -e como pode apreciarse nas imaxes que acompañan como anexo a esta iniciativa- a celeridade dos traballos para a posta en servizo da vía de alta capacidade ocasionou un gran número de incidencias e deficiencias na vía de servizo, principalmente na marxe dereita en dirección Arzúa e nos arredores do paso elevado que enlaza con Amarelle: trazado con curvas excesivamente pronunciadas, afundimentos da capa de rodadura, deficiencias no tratamento de pluviais que provocan asolagamentos e arrastre de áridos -circunstancia moi apreciable nas interseccións co Camiño de Santiago e no contorno dos sinais de aproximación para o tráfico aéreo- e excesivos desniveis, mesmo desprovistos das necesarias proteccións.

Outras queixas relatadas pola veciñanza teñen relación co desleixo estético e paisaxístico no proceso construtivo; a ausencia dunha parada de autobús que fora comprometida; a inexistente delimitación para o tránsito peonil no paso elevado sobre a autovía, o mantemento de elementos potencialmente perigosos, como os parafusos para fixar sinais informativas que foron retiradas, as caixas de acometidas eléctricas suspendidas nas marxes do trazado ou a provisionalidade nas conducións de servizos, como o de telefonía, que mantén o cableado aéreo que substituíu ao que antes era subterráneo, con impacto visual e deficiencias no servizo. En definitiva, tal e como indican as persoas afectadas da zona de Amarelle, “creáronse problemas onde antes non os había”. Vai para dous meses que o tramo de autovía foi inaugurado e a veciñanza contempla con estupor como neste tempo as máquinas e operarios desapareceron, sen que as obras e a súas incomodidades remataran.

Á vista desta situación resulta imprescindible demandar do Ministerio de Fomento que se solventen estas deficiencias e se rematen con dilixencia e de forma axeitada os traballos pendentes nesta vía de acceso, tanto no relativo ás demandas dos veciños como no relativo á súa adecuación estética e paisaxística ao paso do Camiño de Santiago por esta zona. Por este motivo, o Grupo Municipal Popular presente para a consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno municipal demandará de forma urxente ao Ministerio de Fomento:

1.- O remate dos traballos na vía de acceso que enlaza a N-547 coa N-634, que presenta principalmente problemas relacionados coa estrutura nos firmes, tratamento de pluviais, reposición de servizos, proteccións, sinalización e que precisa unha atención especial aos acabados no ámbito máis inmediato á traza do Camiño de Santiago.

2.- Manter a reivindicación dun proxecto construtivo complementario para darlle un tratamento axeitado, uniforme, coherente e funcional, á continuidade do itinerario entre a antiga estrada N-634 desde as proximidades do paso subterráneo existente preto da cabeceira da pista aeroportuaria de Lavacolla ata enlazar coa N-547 nas inmediacións dos terreos do polígono empresarial do Pino.

Pola súa parte, o Concello realizará unha planificación que permita acometer de forma gradual, conforme ás prioridades detectadas, a mellora de firme e servizos no tramo municipal da antiga estrada N-634 entre San Lázaro e Lavacolla.

MOCIÓN PARA CONSEGUIR DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA CONSTRUIR A NOVA EDAR DO AEROPORTO DA LAVACOLLA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a que o Concello de Santiago de Compostela demande do Goberno do Estado a dotación orzamentaria precisa para AENA construír a nova estación depuradora de augas residuais do aeroporto da Lavacolla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación depuradora de augas residuais do aeroporto da Lavacolla presenta limitacións estruturais e de capacidade debido ao aumento da carga contaminante que recibe, segundo a información recibida polo BNG a través dunha pregunta no Congreso. No mesmo informe, anúnciase que os traballos para iniciar a nova estación depuradora do aeroporto comezarán en 2020 e terán unha duración de execución do proxecto de 14 meses.

O aeroporto de Santiago conta cunha autorización emitida por Augas de Galicia desde xuño de 2011 para a vertedura de augas residuais depuradas. Esta autorización foi modificada en abril de 2014, a petición de AENA, para incluír un novo punto de augas residuais e pluviais depuradas procedente da ampliación da plataforma de estacionamento de aeronaves, sen que afectase as condicións iniciais do que se recollía na autorización inicial con respecto á vertedura procedente da estación depuradora de augas residuais (EDAR).

Na resposta que recibiu o BNG, a través das xestións do deputado Jon Iñarritu no Congreso, sinalase que a respecto dos límites autorizados, o aeroporto de Santiago abriu expediente de penalización en dúas ocasións (maio e xuño 2018) á empresa mantedora Elecnor. Por este motivo, procedeuse a aplicar unha penalización nos importes das certificacións correspondentes ás anualidades de 2017 e 2018.

Logo dos resultados das últimas analíticas, con data 14 de setembro de 2018, comunicouse a Augas de Galicia que despois de realizar unha análise das posibles causas que motivaron estes incumprimentos, se comprobou que a planta depuradora presenta limitacións estruturais e de capacidade, debido ao aumento da carga contaminante que recibe. Por iso, na resposta recibida polo BNG dise que AENA tomou a decisión de acometer a construción dunha nova planta depuradora para iniciar os traballos en 2020, cunha duración de execución do proxecto de 14 meses. De aí que o BNG reclame a dotación orzamentaria para a súa realización.

Durante a fase de transición e até dispor da nova instalación, iniciouse a remodelación e reposición de diversos elementos da instalación actual e a aplicación dun manual operativo para garantir o correcto funcionamento da planta até a construción da nova EDAR, segundo recolle a información á que tivo acceso o BNG. Porén, pódese constatar que na actualidade non está a funcionar correctamente pola auga contaminada, de cor escura e con mal olor que verte no regato da Sionlla, en Mourentán, a menos de 100 metros do Aeroclub.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela demandará do Goberno do Estado a dotación orzamentaria precisa para AENA construír a nova estación depuradora de augas residuais do aeroporto da Lavacolla.
2. O Concello de Santiago de Compostela demandará do Goberno do Estado as medidas oportunas para deter a contaminación actual e mellorar a protección ambiental.

MOCIÓN PARA AXILIZAR A CONTRATACIÓN E MELLORAR A CALIDADE DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a mellorar a calidade do servizo de comedores escolares con cociña de proximidade e con produtos locais de tempada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para a comunidade educativa é unha prioridade sacar a concurso o servizo dos comedores escolares co obxectivo de mellorar o seu funcionamento a partir do vindeiro curso escolar.

Para iso, faise necesario licitar o concurso por lotes, para lle permitir a concorrència ás pequenas e medianas empresas da comarca de Compostela co que se favorece a economía local e a especialización dos servizos de preparación alimentaria, por unha parte, e de atención de monitores e monitoras, por outra.

Logo da experiencia dos últimos anos e tras o contraste coas ANPAs, é necesario contar con cociña de proximidade con distancia inferior a 50 km, con produtos locais de tempada, con preparación dos pratos no propio día, ademais de eliminar o mínimo de persoas usuarias, posto que se trata dun servizo esencial para favorecer a conciliación. Demandan tamén que os prezos partan dunha contía mínima, para que non vaia en detrimento da calidade da alimentación que se ofrece neste servizo, e un programa piloto con cociña propia nun centro educativo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago licitará, de urxencia, o concurso dos comedores escolares de acordo coas demandas da comunidade educativa e tendo en conta a petición da FANPA para mellorar a calidade deste servizo a partir do vindeiro curso 2019-2020.

MOCIÓN PARA RECLAMAR A DÉBEDA HISTÓRICA DO ORZAMENTO DO ESTATUTO DE CAPITALIDADE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a abrir unha vía de negociación coa Xunta para saldar a débeda histórica con Santiago de Compostela sobre o financiamento ao abeiro do Estatuto de Capitalidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2002, de 25 de xuño, do Estatuto da Capitalidade de Santiago de Compostela determina os mecanismos para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade. Esta lei determina unha previsión de financiamento específico

nos Orzamentos xerais da Xunta co que se pretende contribuír a sufragar o custe dos servizos e gastos do Concello motivados pola súa condición como capital de Galiza.

Co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Xunta e o Concello de Santiago no referido ás competencias e á responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais é o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio.

O estudo realizado por Luís Caramés Viéitez e por María Cadaval Sampedro, da USC, traduce en cifras as cargas extraordinarias que soportan as arcas municipais para a atención da súa condición de capital e sede das institucións autonómicas. Cuantifica así as exencións tributarias de edificios, instalacións e vehículos pertencentes ás administracións galega, estatal, e internacionais, seguranza e utilización de espazo físico polas institucións.

Segundo os cálculos das cifras manexadas en 2001 para ese estudo, a través da valoración de custes que identificaron, chegaron á conclusión de que o réxime de capitalidade para Santiago debería permitirlle acceder a unha subvención especial por gastos extraordinarios que, dadas as estimacións realizadas, ascenden a 5.507.494,3 euros/ano.

Neste sentido, o Concello de Santiago debería encargarse de actualizar ese estudo porque na actualidade estes gastos son máis elevados pola cantidade de persoal traballador de edificios, de custo patrimonial, de limpeza, de rehabilitación e de promoción turística.

Ademais, cómpre realizar unha negociación directa coa Xunta, como se aprobou en Pleno de marzo de 2017 mediante unha iniciativa do BNG, para que asigne e actualice o que lle corresponde a Santiago de Compostela como capital de Galiza. Deste xeito, para o próximo Orzamento de 2020 non se debería de permitir unha cantidade inferior aos 5,5 millóns de euros daquel estudo inicial.

Ademais, é necesario reclamar a débeda histórica que pode roldar os 25 millóns de euros polo recorte das cantidades asignadas ao Concello de Santiago pola Xunta nos Orzamentos dos últimos 15 anos en concepto de Capitalidade, co fin de saldar a compensación dos custos que o desenvolvemento da actividade institucional e representativa lle supoñen á veciñanza de Compostela.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago reclamará a inclusión de 5,5 millóns de euros nos Orzamentos da Xunta de 2020 para o Estatuto de Capitalidade.

2.- O Concello de Santiago encargará a elaboración dun estudo económico para actualizar a contía derivada dos custes de capitalidade.

3.- O Concello de Santiago abrirá unha vía de negociación coa Xunta para recuperar a débeda histórica da asignación que lle corresponde derivada do Estatuto de Capitalidade.

MOCIÓN PARA PROMOCIONAR OS VIÑOS CON DENOMINACIÓN DE ORIXE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a desenvolver o proxecto “A porta dos viños” para promocionar os viños galegos en Santiago de Compostela con denominación de orixe, co obxectivo de enriquecer o turismo gastronómico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O viño xa está instituído que é parte non só da economía, senón tamén da cultura dun país. Os viños galegos foron un motor da economía de exportación do noso reino no medioevo e na actualidade volven rexurdir pola súa calidade.

Temos cinco denominacións de orixe recoñecidas e unha variedade de uvas, unha diversidade xenética que sorprende e que aínda vai ter percorrido no seu desenvolvemento. Os viños galegos son orgullo noso, marca de prestixio do noso país e aínda han aumentar a súa importancia. Porén, do mesmo modo que non existe unha política económica propia de noso, tampouco os viños teñen unha promoción adecuada, que sexan percibidos como viños galegos ha ser bo para eles no mercado e tamén ha ser ben para a Galiza.

Santiago, como capital de Galiza, debe exercer como escaparate do noso país, e isto que tamén se fai coas distintas manifestacións do entroido galego ben pode servir de modelo para este caso. Por esta cidade trafegan millóns de persoas e debemos aproveitar esa oportunidade para mostrármonos ao mundo, para mostrar a nosa riqueza cultural e os nosos produtos. Compostela debe ser o escenario no que se presenten os nosos viños ao mundo.

Para iso é preciso crear unha cerimonia ritual e unha imaxe potente que resuma o rito. A entrada solemne das anadas das cinco denominacións de orixe pola Porta de Mazarelos, a Porta do Viño.

Unha posíbel proposta sería a de faceren entrada por esta porta uns bois, limpos e lindos, adornados de flor e xesta, que traen un carro con dous pipos de viño de cada denominación. A Corporación municipal e representantes da hostalaría e da veciñanza reciben solememente a chegada desde dentro da muralla. A continuación, procederíase a unha degustación e cata por profesionais e afeccionad@s e daríase así comezo a outras actividades dedicadas aos viños galegos no Concello con implicación do sector hostaleiro compostelán.

Entre elas, estarían as seguintes: obradoiros de cata, xornadas de promoción e difusión dos viños, exposicións de libros e fotografías relacionadas coas denominacións de orixe, fomento das rutas de enoturismo, colocar estratexicamente expositores das distintas bodegas para que amosen os seus produtos... En definitiva, trataríase de realizar unha feira dos viños galegos, en que Compostela servise de anfitriño á variedade e calidade da riqueza vitivinícola no noso país.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago organizará o evento “A Porta dos Viños”, coas características antes expostas, para promocionar os viños galegos con denominación de orixe en Santiago de Compostela, co obxectivo de enriquecer o turismo gastronómico.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A DECLARACIÓN DO SOUTO COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e o Decreto 124/2005, do 6 de maio regulan a figura de espazo natural de interese local (ENIL en adiante) establecendo que, por petición dun concello e despois do informe da consellería con competencias en política territorial e urbanismo, a consellería con competencias en

materia de conservación da natureza poderá declarar como tal aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

No caso de Santiago non contamos aínda con ningún espazo natural con este nivel de protección, a pesar de existir dentro dos nosos límites municipais varios lugares de grande riqueza ambiental. Un destes é o lugar do Souto nas inmediacións da Silvouta, entre as parroquias de Laraño e Vilvestro, e xa limitando co veciño Concello de Ames. Unha contorna de enorme valor patrimonial, arqueolóxico e etnográfico ademais de natural. Nesta zona concéntranse catro carballeiras, charcas oligotróficas, eutróficas, e brañas. Acolle tres especies de fauna protexidas pola Directivas Europeas -a papuxa do mato, a lontra e o caracol de Quimper-. Tamén conta cun importantísimo patrimonio etnográfico. Segundo o estudo de *Valoración ecolóxica do monte do Souto (Santiago de Compostela): hábitats, flora e vexetación arbórea e fauna* de Febreiro de 2018, encargado polo Concello de Santiago, “O Souto e as zonas que o rodean posúen elementos ecolóxicos valiosos” mais indicando que “compre profundizar na descrición e no estudo das carballeiras mestas con freixo e comprender determinar canto de común é a presenza de freixos grandes e lonxevos nestas ribeiras e máis inventariar aqueles exemplares sobresaíntes, co fin de asegurar a súa protección. Compre así mesmo inventariar os carballos velloiros e senlleiros, profundizar no estudo das comunidades de flora e fauna que neles se desenvolven e máis asegurar a súa protección. Compre así mesmo inventariar os pequenos humidais e máis asegurar a súa protección e conservación”.

O mesmo estudo suxire nas súas conclusións “incrementar o valor ecolóxico do monte de O Souto mediante traballos de restauración ecolóxica que teñan como obxectivo reducir a fragmentación e a proporción de hábitat de borde das carballeiras alí existentes”. Porque estes traballos de restauración ambiental “no val do rego de O Souto deberían reforzar a función deste ecosistema como cortalumes natural e como refuxio de biodiversidade”.

A declaración dun espazo natural de interese local é competencia da consellería competente en materia de conservación da natureza, mentres que a responsabilidade e competencia da súa xestión será municipal. Así mesmo. A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural. O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería competente en materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un espazo natural de interese local por un prazo non superior a dous anos, debendo presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do espazo natural de interese local, o plan de conservación deste espazo.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galicia a declarar O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) de xeito provisional.
2. Instar ao órgano municipal competente a elaborar e presentar, nun prazo non superior a dous anos desde a declaración provisional, o plan de conservación deste espazo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL COMPOSTELA ABERTA SOBRE A DEFENSA DA LAICIDADE E A PLENA SEPARACIÓN DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL RESPECTO OS ACTOS RELIXIOSOS DE CALQUERA SIGNO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A laicidade descansa na liberdade de conciencia, a igualdade de dereitos e a universalidade da acción pública. É un principio que se concreta na natureza neutral do Estado democrático respecto das crenzas relixiosas e opcións de conciencia particulares. Esta neutralidade está recollida no artigo 16.3 da Constitución que establece que ningunha confesión terá carácter estatal. Neste sentido, os diferentes poderes públicos, como a administración municipal, para dar cumprimento a ese principio de neutralidade, precisan delimitar con claridade os ámbitos público e privado. Unha delimitación que salvagarde sempre a liberdade de conciencia da veciñanza e o libre exercicio privado das diversas confesións.

A laicidade municipal enténdese precisamente de acordo co principio de separación entre os poderes públicos locais e as crenzas relixiosas ou outras conviccións particulares, de xeito que se establece o carácter estritamente secular das institucións políticas sen que se poida producir mestura ou confusión entre fins relixiosos e político-administrativos.

O goberno municipal, durante o anterior mandato, no exercicio da súa responsabilidade de goberno, comprometeuse e deu cumprimento aos principios fundamentais da laicidade. Isto significou, por exemplo, a adopción dun rol institucional laico no relativo

á participación nas cerimonia, ritos, procesións ou calquera acto de natureza relixiosa por respecto ao principio de neutralidade relixiosa. Ou tamén o apoio do Pleno da corporación a que o Concello de Santiago participase na constitución dunha “Rede de municipios por un Estado laico para adherirse a ela e participar na súa Asemblea Constituínte”, cos votos a favor dos grupos municipais de CA e BNG e as abstencións do PSOE e PP. Decisións que non impediron manter a un tempo a relación de cordialidade, colaboración e respecto mutuo coas entidades e institución relixiosas.

A laicidade institucional é un pilar fundamental da democracia, recoñece a autonomía da política e a ética pública. Precisamente por isto tamén debe ser garantida a presente e a futuro no Concello de Santiago. Compostela é unha cidade cuxa historia, tradición e cultura como Cidade Patrimonio da Humanidade, Itinerario Cultural Europeo e final do Camiño convértea nunha capital única. Santiago devén paradigma fundamental da diversidade e o acollemento de culturas, crenzas e identidades. E por iso que a neutralidade relixiosa da actuación institucional municipal supón unha condición necesaria para continuar sendo unha cidade referente da pluralidade a hospitalidade e profundar nos valores democráticos. Unha neutralidade que, por outra parte, foi entendida polas entidades relixiosas como un elemento máis da normalidade democrática que debe rexer a vida municipal.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Declarar publicamente o compromiso do Concello de Santiago coa laicidade e adoptar as medidas necesarias para defender esta natureza laica.
2. Non promover nin participar en celebracións, rituais relixiosos de ningún tipo sendo os actos organizados polo Concello exclusivamente de carácter civil.
3. Este Concello non se encomendará a santoral, imaxes ou rituais relixiosos.
4. Promover campañas de sensibilización dirixidas a toda a cidadanía sobre o significado da laicidade, a Declaración dos Dereitos Humanos, a tolerancia e a liberdade de pensamento e de conciencia relixiosa.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS USOS DO CAMPO DE FÚTBOL-RUGBY DA USC

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado xoves pola tarde o grupo municipal de Compostela Aberta tivo coñecemento da vontade da USC de facer importantes modificacións da oferta deportiva para o curso 2019-20 en relación ao rugby e a súa práctica nas instalacións universitarias. Ademais, semella que tamén se decidiu unilateralmente por parte da Universidade, eliminar da oferta a escola de rugby que se viña facendo en colaboración co 'Santiago Rugby Club'. Unhas modificacións e diminución das horas dedicadas ao rugby precisamente cando a cidade dispón dunhas mellores instalacións deportivas para a práctica deste deporte, froito da profunda remodelación do campo de fútbol e de rugby da USC, que foi financiada polo Concello de Santiago, a Deputación da Coruña, a Federación Galega de Fútbol e a propia Universidade de Santiago.

As obras acometidas nas instalacións permitiron dotalas dunha nova superficie de herba artificial, de novas porterías para fútbol 7 e 11 e para rugby, e dunha zona cuberta na parte central da grada. Tamén se mellorou a iluminación, empregando a tecnoloxía led. A remodelación do campo custou máis de medio millón de euros, e a achega do Concello para a actuación foi de 200.000 euros. En troques desta colaboración asinouse un convenio entre o Concello e a USC para que as instalacións poidan ser utilizadas por equipos federados de Compostela.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Manifestar o apoio do Pleno da corporación á práctica deportiva do Rugby en Santiago de Compostela, en todas as súas modalidades, tanto femininas como masculinas.
2. Instar ao órgano municipal competente para solicitar da USC a ampliación dos horarios de rugby establecidos na cláusula segunda "Compromisos das partes" do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, O CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAMPUS VIDA na que se recolle "Ceder temporalmente, unha vez entregada a obra e ata o 31 de decembro de 2020, o uso do campo de fútbol-rugby para os adestramentos dos equipos federados de fútbol e de rugby ligados ao Concello de Santiago"

3. Instar ao órgano municipal competente a convocar a comisión de seguimento (cláusula duodécima) para revisar os usos e horarios definidos na cláusula segunda e comunicar o apoio do Pleno da corporación á práctica do rugby neste campo de fútbol-rugby.

4. Solicitar que na propia comisión de seguimento do convenio sexan escoitadas as opinións dos clubs deportivos afectados, nomeadamente o Santiago Rugby Club mais tamén doutros que tamén puidera ser oportuno por ser usuarios das instalacións.

EMENDAS ÁS MOCIÓNS.-

Emenda presentada polo grupo municipal Popular á moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, núm. 105, con rexistro de entrada do 17 de xullo, relativa para reclamar a débeda histórica do orzamento do Estatuto de Capitalidade, na que se propón modificar o contido do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

1. O Concello de Santiago encargará a elaboración dun estudo económico para determinar os custos e beneficios derivados da condición de Santiago de Compostela como capital de Galicia.

2. Tomando como base o estudo anterior, o Concello de Santiago realizará un balance das achegas realizadas pola Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos e conforme a el, se fose o caso, abriría unha vía de negociación coa administración autonómica para actualizar a asignación que lle corresponde en función do Estatuto da Capitalidade.

Emenda presentada polo grupo municipal Popular á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, núm. 109, con rexistro de entrada do 18 de xullo, sobre a declaración do Souto como espazo natural de interese local, na que se propón:

O Concello de Santiago elaborará ao longo do ano actual, en colaboración coa Universidade de Santiago, un inventario de espazos naturais susceptibles dunha especial protección, en función dos seus intrínsecos valores ambientais, como paso previo á definición dunha planificación que priorice e delimite as correspondentes medidas de protección e conservación para cada un dos lugares considerados.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 15 de xullo de 2019, núm. 95, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre as deficiencias na vía de servizo da autovía A-54 no contorno de Amarelle e a continuidade do trazado entre as estradas N-634 e N-547, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que, o goberno municipal demande de forma urxente ao Ministerio de Fomento:

1.- O remate dos traballos na vía de acceso que enlaza a N-547 coa N-634, que presenta principalmente problemas relacionados coa estrutura nos firmes, tratamento de pluviais, reposición de servizos, proteccións, sinalización e que precisa unha atención especial aos acabados no ámbito máis inmediato á traza do Camiño de Santiago.

2.- Manter a reivindicación dun proxecto construtivo complementario para darlle un tratamento axeitado, uniforme, coherente e funcional, á continuidade do itinerario entre a antiga estrada N-634 desde as proximidades do paso subterráneo existente preto da cabeceira da pista aeroportuaria de Lavacolla ata enlazar coa N-547 nas inmediacións dos terreos do polígono empresarial do Pino.

Pola súa parte, o Concello realizará unha planificación que permita acometer de forma gradual, conforme ás prioridades detectadas, a mellora de firme e servizos no tramo municipal da antiga estrada N-634 entre San Lázaro e Lavacolla.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 101, para conseguir dotación orzamentaria para construír a nova EDAR do aeroporto de Lavacolla, e despois de ser solicitada polo grupo municipal Socialista, a votación separada por puntos, que foi aceptada polo grupo proponente, o Pleno da Corporación acorda:

Por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (6 PP, 4 CA e 2 BNG) e 10 en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que o Concello de Santiago de Compostela demande do Goberno do Estado a dotación orzamentaria precisa para AENA construír a nova estación depuradora de augas residuais do aeroporto da Lavacolla.

Por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, que o Concello de Santiago de Compostela demande do Goberno do Estado as medidas oportunas para deter a contaminación actual e mellorar a protección ambiental.

No debate da moción núm. 102, auséntase un momento o señor alcalde, e durante a súa breve ausencia preside a sesión a tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 102, para axilizar a contratación e mellorar a calidade do servizo de comedores escolares, e despois de ser aceptada unha emenda transaccional, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda que o Concello de Santiago licite, con carácter inmediato, o concurso dos comedores escolares de acordo coas demandas da comunidade educativa e

tendo en conta a petición da FANPA para mellorar a calidade deste servizo a partir do vindeiro curso 2019-2020.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2019, núm. 105, para reclamar a débeda histórica do orzamento do estatuto da capitalidade, a que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que non foi aceptada polo grupo proponente, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a mesma.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 108, para promocionar os viños con denominación de orixe en Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP) acorda que o Concello de Santiago organice o evento “A Porta dos Viños”, coas características expostas no texto da moción, para promocionar os viños galegos con denominación de orixe en Santiago de Compostela, co obxectivo de enriquecer o turismo gastronómico.

Na moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 109, sobre a declaración do Souto como espazo natural de interese local, a que presentou emenda o grupo municipal Popular, que non foi aceptada polo proponente da moción, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes correspondentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP) acorda:

1. Instar a Xunta de Galicia a declarar O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) de xeito provisional.
2. Instar ao órgano municipal competente a elaborar e presentar, nun prazo non superior a dous anos desde a declaración provisional, o plan de conservación deste espazo.

Na moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 18 de xullo de 2019, núm. 110, sobre a defensa da laicidade e a plena separación da representación municipal respecto aos actos relixiosos de calquera signo,

o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), e 16 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 6 PP), rexeita a devandita moción.

Na moción de urxencia presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con rexistro de entrada do día 29 de xullo de 2019, núm. 122, sobre os usos do campo de fútbol-rugby da USC, e despois de ser admitida a votación separada por unha parte o punto 1 e despois os demais en bloque:

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda manifestar o apoio do Pleno da Corporación á práctica deportiva do Rugby en Santiago de Compostela, en todas as súas modalidades, tanto femininas como masculinas.

O Pleno da Corporación por 4 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1. Instar ao órgano municipal competente para solicitar da USC a ampliación dos horarios de rugby establecidos na cláusula segunda “Compromisos das partes” do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, O CONCELLO DE SANTIAGO PARA O ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO CAMPUS VIDA na que se recolle “Ceder temporalmente, unha vez entregada a obra e ata o 31 de decembro de 2020, o uso do campo de fútbol-rugby para os adestramentos dos equipos federados de fútbol e de rugby ligados ao Concello de Santiago”.

2. Instar ao órgano municipal competente a convocar a comisión de seguimento (cláusula duodécima) para revisar os usos e horarios definidos na cláusula segunda e comunicar o apoio do Pleno da corporación á práctica do rugby neste campo de fútbol-rugby.

3. Solicitar que na propia comisión de seguimento do convenio sexan escoitadas as opinións dos clubs deportivos afectados, nomeadamente o Santiago Rugby Club mais tamén doutros que tamén puidera ser oportuno por ser usuarios das instalacións.

Non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por rematada sendo as 23:05 horas. Dou fe.

O alcalde-presidente,

Xosé A. Sánchez Bugallo

O secretario xeral do pleno,

José Ramón Alonso Fernández